

Que é o Mapa Literario de Compostela?

O Mapa Literario de Compostela é unha das partes que compoñen **Compostela Literaria**, iniciativa da área de Acción Cultural do Concello de Santiago, e que ofrece unha visión panorámica da relación entre a nosa cidade e a literatura. Como fogar, inspiración, protagonista, escenario ou simple escusa, a paisaxe compostelá vincúlase intensamente á creación literaria, e faino desde múltiples perspectivas, ofrecéndonos ademais un variado e enriquecedor abano de visións e interpretacións do mundo e da vida.

O obxectivo principal da Compostela Literaria é fornecer pistas e suxestións para coñecer esa prolífica relación da nosa cidade coa letra impresa. O mapa recolle, por exemplo, só algunhas persoas e obras destacadas extraídas dun longo inventario, nun proceso aberto e en constante mutación.

O Mapa Literario de Compostela divídese en sete categorías:

- **Autoras/es** Recolle unha pequena selección de perfís biográficos de autoras e autores, foren ou non composteláns de nacemento ou escolla, con relación estreita co planeta Compostela.
- **Obras** É unha escolma non exhaustiva e en continua ampliación, recollendo só algunhas obras onde Compostela ten presenza destacada.
- **Editoras** Lista de editoras establecidas na nosa cidade e tipo de fondos.
- **Librarías** Lista e descrición das librarías compostelás.
- **Fundacións** Lista e descrición das fundacións de protagonista literario.
- **Bibliotecas** Lista e descrición das principais bibliotecas compostelás.
- **Itinerarios** Mostra en detalle diferentes rutas de carácter literario que se desenvolven nas rúas da nosa cidade e que podemos seguir tanto online como presencialmente.

O Mapa Literario quere servir tamén de ferramenta pedagóxica e por iso ofrecemos aquí algunhas recomendacións de uso.

Como usamos o Mapa Literario de Compostela?

Podemos seleccionar os elementos que vemos no mapa de acordo a diversos criterios, como escoller as categorías que se visualizan (ou combinar varias delas), ou visualizar só algunha das diferentes etiquetas existentes mostradas ao final da ficha de cada elemento. Tamén podemos realizar buscas simples.

Recomendacións para realizar un percorrido

- a) Abrimos o **Mapa Literario**, observámolo e navegamos por el sen présas. Cada punto sinalado no mapa de rúas ten unha explicación que se abre nunha xanela emerxente ao premer sobre el.
- b) Na parte superior temos a lista de categorías que podemos activar ou desactivar premendo sobre elas (cando están activas vense cun fondo verde claro e cun x).
- c) Ao entrar por primeira vez visualizamos no mapa todos os puntos existentes. Para visualizar só aqueles que nos interesan podemos tanto seleccionar ver só algunha das categorías antes mencionadas, como ver apenas as que teñan asociadas algunha das etiquetas existentes. Por exemplo, se queremos traballar a lírica galego-portuguesa podemos pór no buscador #LíricaGalegoPortuguesa e obteremos como resultado todas as entradas que dispoñan desa etiqueta asociada e no mapa só visualizaremos esas entradas.

Para saber que etiquetas existen podes escribir no buscador # seguida dunha letra, o buscador ofrecerache unha serie de suxestións comezando por esa letra. Por exemplo: #p ofrecerá como suxestións como #lírícagalegoportuguesa, #poesía, #patriciaajaneiro, #arantzaportabales ou #inmalópezsilva. Deste xeito, podemos obter un mapa da poesía compostelá escribindo #poesía no buscador.

- d) Seleccionamos as persoas autoras e obras que nos interesen e dos que no mapa aparecen algunhas das súas obras.
As etiquetas presentes no mapa irán aumentando co tempo, de forma que no futuro poderemos, por exemplo, seleccionar só autoras/les asociados a unha xeración concreta.
- e) Escollemos os puntos sinalados no mapa que fan referencia a estas persoas autoras, obras ou lugares que nos interesa coñecer como librarías, bibliotecas, fundacións ou editoriais. Eses puntos serán as paradas do noso paseo.

- f) Ordenamos as paradas segundo a súa proximidade e decidimos por que rúas se pode facer o paseo. Establecemos unha parada de inicio e outra de fin do percorrido.
- g) Se imos coa nosa aula é importante facer un ensaio previo sen o alumnado, así podemos calcular o tempo que nos levaría e detectar posibles dificultades (por exemplo, é necesario prever a participación de persoas en cadeiras de rodas).
Recomendamos un máximo de dez paradas e sobre unha hora e media de duración (incluída a camiñada e a explicación en cada parada).
- h) Levaremos roupa e calzado cómodos, así como algunha bebida e refrixerio. Recoméndase que o grupo estea unido e ningún integrante se separe, para o cal é adecuado un ritmo de camiñada tranquilo, e, ao detérmonos en cada parada, esperemos a estarmos o grupo completo para iniciar a explicación.
- i) No caso de saír cun grupo escolar, recoméndase que participen dúas ou máis persoas docentes e que se repartan as paradas para que non fale sempre a mesma persoa. Ademais de ler as obras ou información que fai referencia a cada parada, podemos indagar sobre a historia do lugar. Por exemplo: que outros nomes tivo a Praza de Cervantes e por que?, como era antes a Praza das Praterías? Así, todas as persoas docentes estarán preparadas para explicar as paradas que lles correspondan desde diferentes puntos de vista: literario, histórico, anecdótico, etc.
Dependendo do tipo de grupo, é bo escoller algunhas paradas onde as persoas asistentes poidan sentar para descansar en canto ouven as explicacións (por exemplo, as escaleiras da Praza da Quintana).
- j) É recomendable levar algúns dos libros dos que se fale ou fotografías de interese para mostrar, xa que poden axudar a contextualizar o discurso.
- k) En cada parada podemos ler a información que hai no Mapa Literario sobre ese lugar. Tamén recomendamos ler un fragmento do libro que fai referencia a ese punto e despois conversar, preguntándonos se coñecemos o lugar e/ou se temos anécdotas para compartir. Para isto é mellor aproveitar espazos tranquilos e amplos, onde non haxa problemas para ouvirmos unhas persoas a outras.
- l) Na última parada, podemos pechar o percorrido literario lendo un poema ou conto breve. Lembraremos tamén en grupo todos os lugares que coñecemos ou redescubrimos e podemos finalizar cunha reflexión acerca da evolución da cidade e da súa historia.

Outras ideas

Durante o paseo podemos tirar fotografías e despois elaborar unha crónica fotográfica e escrita sobre o percorrido e compartila con outros grupos ou aulas. Tamén podemos publicar a nosa crónica nun blog, nas redes sociais ou enviala a info@com-postelaliteraria.gal para que a divulguen a través das redes do proxecto ou a se inclúa na sección de novas da web.

